

## ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO TERCEIRO PROCESO PARA AS PROBAS DE SELECCIÓN DE CATRO SOCORRISTAS (SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS)

Proceso selectivo: Contratación de CATRO SOCORRISTAS mediante a modalidade de contrato laboral temporal a xornada completa durante un período dun máximo de dúas mensualidades.

Nas dependencias da Casa de Cultura “Cuartel Vello” do Concello de Rianxo, sendo as once horas, do día 14 de xullo de 2016, reúnese o Tribunal Cualificador que avalía as probas selectivas para prover catro prazas de SOCORRISTAS, para a realización do SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS, coa seguinte composición:

Presidente: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades (II)

Vocal: Rebeca Suárez Martínez, animadora cultural municipal (II)

Asesora Probas Físicas: Martina Ríos Bello, secretaria de Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA)

Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, auxiliar administrativa municipal (C2)

O día 01/07/2016 este tribunal asinou a acta correspondente ao proceso realizado no dito día e do que saíu proposto para a súa contratación o aspirante que superou o proceso, Basilio Blanco Silvaríño.

O día 04/07/2016 o alcalde enviou á oficina de Boiro do Servizo Público de Emprego o resultado acadado e no que solicitaba o envío de máis persoas aspirantes.

O día 06/07/2016 este tribunal asinou a acta correspondente ao proceso realizado no dito día e do que saíu proposto para a súa contratación o aspirante que superou o proceso, Xesús Xavier Antelo Barreiro.

O día 12/07/2016 o alcalde enviou á oficina de Boiro do Servizo Público de Emprego o resultado acadado neste novo proceso e no que solicitaba o envío de máis persoas aspirantes.

O mesmo día a dita oficina remitiu unha nova listaxe que incluía a 11 persoas aspirantes e que foron convocadas para presentarse no día de hoxe, ás 11:00 horas, para a realización das probas e avaliación do concurso, segundo o establecido nas bases.

O tribunal cualificador, ante a ausencia de persoas aspirantes, decide esperar ata as 11:30 horas como máximo pero non se presenta ninguén e decide rematar o proceso.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as once trinta horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello.